

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/29/2022	GOB16I0EH
4R6D2K2Y232C5F0M1347	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEOITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTEDOUS

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:20 do vinteoito de xullo de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (FONDOS NEXT GENERATION) PARA OS PROXECTOS: "PARQUE FLUVIAL ENTRE A AVDA.MIGUEL DE CERVANTES E A RÚA CONDE FENOSA (MARXE DEREITA) " E "HUMANIZACIÓN DA RÚA SOLAINA".- Vista a proposta formulada que di así: "O Director de Programas Europeos e Planificación Local, en data 21.07.2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código PLA16I05O que di:

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da solicitude de subvencións

Desde o Departamento de Planificación e Desenvolvemento Local, solicitáronse as seguintes subvencións ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Fondos Next Generation), a través das resolucións de Alcaldía sinaladas:

Expediente	Denominación	Órgano concedente	Importe da axuda solicitada	Resolución da solicitude	Data da resolución	Documento toma de razón
PLA/8/2022	Solicitude subvención Next Generation para o proxecto: “Parque fluvial entre a Avenida Miguel de Cervantes e a rúa Conde de Fenosa (marxe dereita)”	FEMP (Fondos Next Generation)	60.000 €	PLA16I04T	08.07.2022	ICO16I099
PLA/9/2022	Solicitude subvención Next Generation para o proxecto: “Humanización da rúa Solaina”	FEMP (Fondos Next Generation)	60.000 €	PLA16I04U	08.07.2022	ICO16I098

Respecto das devanditas subvencións, resultan de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local.* Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a *solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*

No tocante ás subvencións referidas, ante a imposibilidade de tramitar a proposta nunha sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local antes de que expirara o prazo outorgado para a presentación da documentación necesaria para a tramitación das devanditas subvencións, en uso das facultades de avocación que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu art. 10, concede á Alcaldía-Presidencia, enténdese tacitamente avocada a delegación da solicitude das subvencións, sen prexuízo de dar conta ao órgano lexitimamente facultado para iso, o cal é obxecto desta proposta.

Por todo o anterior, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción das resolucións polas que se solicitan as referidas subvencións.”

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I09Y, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local das anteditas resolucións.

ACORDO. - A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A DIXITALIZACIÓN DOS LIBROS DE ACTAS DO CONCELLO DE NARÓN DENDE 1946 A 1984 E OUTROS.

- Vista a proposta formulada que di así: O Director de Programas Europeos e Planificación Local, con data 21.07.2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código PLA16I05M que di:

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>PLA/2/2021: Subvención para a dixitalización dos libros de actas do Concello de Narón dende 1946 a 1984 e outros</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Aprobación da conta xustificativa</i>



O 9.03.2020 publicouse no DOG a Resolución do 27 de febreiro de 2020 pola que se aprobaban as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 20142020, e se procedía á súa segunda convocatoria para os anos 2020-2021.

Ao amparo da Resolución, o 2.06.2020 a Alcaldía solicitou subvención para o Proxecto de dixitalización dos libros de actas do Concello de Narón dende 1946 a 1984 e de 2005 a 2014, e dos Censos de Poboación dos anos 1910, 1920, 1930, 1935, 1940, 1945, 1950, 1955, 1960, 1965 e 1970, por un importe total, IVE incluído, de 16.231,55 €, equivalente ao 100% do custo do proxecto.

O 26.05.2021, a directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ditou a proposta de resolución provisional de concesión das devanditas subvencións, pola que se outorga ao Concello de Narón a cantidade solicitada de 16.231.55 € (Exp. PR606A-2020- 00000014-00)

O 2.06.2021 a través do sistema Notifica.gal o Concello de Narón recibiu notificación da proposta de resolución para que nun prazo de dez días hábiles puidera formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O 21.07.2021, a Directora Xeral de Amtega emitiu resolución pola que se outorga ao Concello de Narón unha subvención de 16.231.55 €, que se materializará nunha achega de 12.985,24 € no exercicio 2021 e de 3.246,31 € en 2022, que foi notificada a través do sistema Notifica.gal o 28/07/2021 (Documento INF1510K6 do expediente PLA/2/2021).

Para a prestación deste servizo: “Proxecto de dixitalización dos libros de actas do Concello de Narón dende 1946 a 1984 e outros”, o Concello de Narón tramitou o correspondente expediente de contrato menor, no que resultou adxudicataria a empresa Reproutlet SL por un importe de 16.231,55 € (IVE incluído). Logo da prestación do servizo a empresa adxudicataria con data 02.02.2022, presentou a factura polo devandito importe.

Respecto da subvención concedida, con data 06.05.2022, a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia, notificou ao Concello de Narón, unha ampliación dos prazos de execución e xustificación dos investimentos subvencionables, en virtude da resolución do 26 de abril de 2022 pola que se modifica a resolución do 27 de febreiro de 2020 que aprobaba as bases reguladoras destas subvencións.

Segundo a devandita resolución a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade da subvención deberá presentarse ao terminar o prazo de realización da actividade e, en todo caso, antes do 30 de agosto de 2022, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*

Por todo o exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía- Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa da subvención para o “Proxecto de dixitalización dos libros de actas do Concello de Narón dende 1946 a 1984 e outros”, nos seguintes termos:

1. Cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a devandita subvención.
2. O gasto total soportado por esta entidade imputable á actuación subvencionada é o que corresponde á factura que consta no correspondente expediente e nos Servizos Económicos e se detalla nas seguintes táboas:

Acredor	CIF/NIF	Nº factura	Data emisión	Concepto	Data de pagamento	Importe
REPROULET, SL	B70231972	B-2907	31.01.2022	“Proxecto de dixitalización dos libros de actas do Concello de Narón dende 1946 a 1984 e outros” (Código de proxecto: 2021.2.00000.78)	07.04.2022	16.231,55 €

Contía de axuda que se xustifica	16.231,55 €
----------------------------------	-------------

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO16I09Z**, esta Alcaldesa propón á xunta de Goberno a aprobación da proposta transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POR OVP CON MESAS, CADEIRAS, ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA DO ANO 2022.- (....)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón de contribuintes das taxas por ocupación de vía pública por mesas, cadeiras, elementos análogos con finalidade lucrativa do ano 2022, cun total de 37 contribuintes e por importe de 33.863,09€.

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo,

polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO 2022.- Vista a proposta formulada que di así: Logo de ver o informe proposta do servizo de Organización e RRHH de data 01.06.2022 e código de documento PER16I1WO, relativo á ampliación da Oferta de Emprego Público 2022, fiscalizado de conformidade pola Intervención municipal con data 27.07.2022 e código de documento INT16I1V, que textualmente transcrito di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización. Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. A tal respecto se formula o seguinte informe-proposta

ANTECEDENTES:

Con data 13.04.2022 a Xunta de Goberno Local aprobou a OEP para o ano 2022, do seguinte xeito

Praza	Denominación	Grupo	Escala	Nº prazas
2120006	TÉCNICO ARQUIVO	A2	A.especial	1
1200004	TÉCNICO XESTIÓN	A2	A.Xeral	1
2220021	BOMBEIRO- CONDUCTOR	C2	A.especial	1
Promoción interna				
1300022	ADMINISTRATIVO	C1	A.Xeral	3
1300048				
1300049				
2220026	OFICIAL BOMBEIROS	C1	A.Especial	1
Numero de prazas				7

Con data 24.05.2022 e código de documento CIV16I07V o inspector xefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios, Salvamento e Protección Civil (SPEIS) do Concello de Narón, informou da necesidade de dar cobertura de 3 prazas de bombeiro condutor vacantes no servizo e que son necesarias para dar cumprimento as previsión legais e regulamentarias da prestación do servizo

Con data 24.05.2022 a alcaldía deste Concello ditou unha providencia para iniciar un expediente de ampliación da OEP 2022 en base á DA 38 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, que prevé unha taxa adicional para os servizos de prevención de incendios.

Ás prazas a incluír na ampliación da OEP 2022 ás que se refire o antedito informe do xefe de servizo son as seguintes, todas elas vacantes e dotadas orzamentariamente de xeito íntegro:

<i>Praza</i>	<i>Denominación</i>	<i>Grupo</i>	<i>Escala</i>	<i>Nº prazas</i>
2220023	<i>BOMBEIRO-CONDUCTOR</i>	<i>C2</i>	<i>A.especial</i>	<i>1</i>
2220024	<i>BOMBEIRO-CONDUCTOR</i>	<i>C2</i>	<i>A.especial</i>	<i>1</i>
2220025	<i>BOMBEIRO-CONDUCTOR</i>	<i>C2</i>	<i>A.especial</i>	<i>1</i>
<i>Número de prazas</i>				<i>3</i>

Con data 26.05.2022 aprobouse na Mesa de Negociación conxunta de funcionarios e persoal laboral a ampliación da oferta de emprego público 2022 (certificado emitido pola secretaria da Mesa de negociación conxunta con código de documento PER1611YC)

Logo de ver o informe de custos de data 31.05.2022 e código de documento PER1611YZ.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- RDL 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local.*
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia*
- RDL 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público*
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.*
- A Lei 22/2021, do 28 de decembro, que aproba os orzamentos xerais do Estado para 2022*
- Real Decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos policía locais ao servizo das entidades que integran a Administración local*
- Acordo regulador/convenio colectivo de funcionarios/p.laboral do Concello de Narón (BOP da Coruña 30.07.2009 e 31.05.2010 respectivamente)*
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.*
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- Real Decreto Lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.*
- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego publico*

INFORME

O artigo 70 do TRLEBEP establece que “as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obrigaçión de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un dez por cen adicional.”

Na mesma liña, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 91, determina que as Corporacións locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose aos criterios fixados na normativa básica estatal, completando o momento procesual o artigo 128 do RDL 781/1986 “ano correspondente aprobarase e publicará, anualmente, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do orzamento da Entidade correspondente



A lei de Emprego Público de Galicia, establece no seu artigo 48 os criterios xerais en que debe enmarcarse a oferta de emprego público, sen prexuízo das especificidades que se poidan establecer nas convocatorias respectivas. Esta oferta concíbese como un instrumento de programación das necesidades de persoal e de racionalización do emprego público e dos procesos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, nos que deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Así mesmo, a disposición adicional trigésima octava da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 fixa unha taxa adicional para los servicios de prevención y extinción de incendios que dispón que “Ademais do establecido no artigo 20 e nas disposicións adicionais décimo sétima, décimo oitava e décimo novena desta Lei, autorízase unha taxa adicional para as prazas de persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios que, estando dotadas orzamentariamente, sexan necesarias para dar cumprimento ás previsións legais ou regulamentarias sobre a prestación dos ditos servizos, a súa creación, organización e estrutura.”

Procedemento.- A competencia para a aprobación da oferta de emprego público correspóndelle á persoa titular da Alcaldía do Concello, de conformidade co artigo 21.1. g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, non entanto, a mesma pode ser delegada á Xunta de Goberno Local.

Pola súa banda, o artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, determina que a Oferta de Emprego para o ano correspondente aprobarase e publicará, anualmente, dentro do prazo dun mes dende a aprobación do orzamento da Entidade correspondente, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e aos criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

O artigo 70.3 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece que o decreto polo que se aprobe a oferta de emprego público poderá conter medidas derivadas da planificación dos recursos humanos

En virtude do exposto, previa aprobación pola Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos en data 26.05.2022, e en cumprimento do disposto no artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e en uso das competencias atribuídas no artigo 21.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a funcionaria que suscrebe eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar a ampliación da Oferta de Emprego Público 2022 do seguinte xeito:

Praza	Denominación	Grupo	Escala	Nº prazas
2220023	BOMBEIRO- CONDUCTOR	C2	A.especial	1
2220024	BOMBEIRO- CONDUCTOR	C2	A.especial	1
2220025	BOMBEIRO- CONDUCTOR	C2	A.especial	1
Número de prazas				3

SEGUNDO- Publicar a ampliación da Oferta de Emprego Público 2022 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para xeral coñecemento.

TERCEIRO.- Remitir este acordo á Administración Xeral do Estado, para os efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.”

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente ven en propoñer a esta Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobamos a ampliación da Oferta de Emprego Público 2022 do seguinte xeito:

Praza	Denominación	Grupo	Escala	Nº prazas
2220023	BOMBEIRO- CONDUCTOR	C2	A.especial	1
2220024	BOMBEIRO- CONDUCTOR	C2	A.especial	1
2220025	BOMBEIRO- CONDUCTOR	C2	A.especial	1
Número de prazas				3

SEGUNDO- Publicar a ampliación da Oferta de Emprego Público 2022 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para xeral coñecemento.

TERCEIRO.- Remitir este acordo á Administración Xeral do Estado, para os efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4